



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DE ORDES 2017

I.- OBXECTO DO CONCURSO

É obxecto destas bases regular a convocatoria pública polo Concello de Ordes do Concurso de Disfraces do Entroido de Ordes 2017.

II.- FINANCIACIÓN

Os premios deste concurso por importe total de 4405€ son patrocinados na súa totalidade por dúas entidades privadas: Reale Seguros e Jaime Castro. Asesoría – seguros.

III.- PARTICIPANTES. CATEGORÍAS.

Poderán participar no concurso todas as persoas interesadas, de forma individual ou en grupo, nas categorías seguintes:

CARROZA: Estrutura cunha superficie non superior a 7,00 m longo, 3,50 ancho e 4,00 alto, sen que exista límite de idade ou número para os seus integrantes.

En todo caso se a organización considera que aqueles/as que se apuntaran coma carroza non reunen os requisitos, queda facultada para excluír do desfile ou cambiar a súa categoría.

COMPARSAS: Grupo integrado por máis de cinco compoñentes que non entren na categoría de carrozas (aínda que leven como complemento algún vehículo para a megafonía).

- Adultos/as (maiores de 16 anos)
- Infantís (ata 16 anos)

INDIVIDUAIS: ata un máximo de cinco persoas.

- Adultos/ as (maiores de 16 anos)
- Infantís (ata 16 anos)

IV.- PREMIOS (NON SERÁN ACUMULATIVOS).

Os/as gañadores/as do concurso en cada unha das categorías e subcategorías obterán os premios seguintes:

CARROZAS:

- 1º premio: 600,00 euros.
- 2º premio: 400,00 euros.

COMPARSAS:

- Adultos/as:
 - 1º premio: 400,00 euros.
 - 2º premio: 300,00 euros.
 - 3º premio: 200,00 euros.
- Infantís:
 - 1º premio: 225,00 euros.
 - 2º premio: 175,00 euros.
 - 3º premio: 135,00 euros.

INDIVIDUAIS:

- Adultos/as:
 - 1º premio: 170,00 euros.
 - 2º premio: 120,00 euros.
 - 3º premio: 90,00 euros.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

- Infantís:
1º premio: 100,00 euros.
2º premio: 80,00 euros.
3º premio: 60,00 euros.

PREMIO SIMPATÍA: 150,00 euros.

PREMIO ESPECIAL DO CONCELLO DE ORDES Á MELLOR COMPARSA MUNICIPAL: 200,00 euros.

PREMIOS LOCAIS DO CONCELLO DE ORDES POR UN IMPORTE TOTAL DE 1000€: o xurado do concurso queda facultado para distribuir estes accésits segundo considere necesario e reservándose o dereito a declarar deserto os premios que considere oportuno por non acadar a calidade ou a participación suficiente.

V.- INSCRICIÓN

Prazo:

- Ata o 1 de marzo inclusive de 2017, no Departamento de Cultura do Concello de Ordes, de 9:00 a 14:00 horas (tño. 981680002 ext..4).

VI.- XURADO

O concurso de disfraces será resolto por un xurado integrado por 3 membros designados polo Alcalde-Presidente.

Actuará como Secretaria a técnico en animación sociocultural do Concello de Ordes.

O xurado terá liberdade para establecer as súas cualificacións, sendo os criterios a valorar os seguintes:

- A orixinalidade e vistosidade no disface elixido.
- O esforzo no traballo realizado.
- A posta en escena cunha duración máxima de 3 minutos.
- A montaxe, a elaboración e os materiais empregados.
- O humor, ...

O persoal da organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do desfile ou cambiar o seu posto da orde, a calquera elemento das comparsas que se considere perigoso (animais de todo tipo, petardos, bengalas,...), co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente.

VII.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO

A resolución do concurso realizarase previa reunión do xurado o día 4 de marzo de 2017 e a valoración dos/das participantes en cada unha das categorías, reflectíndose o resultado nunha acta levantada para o efecto.

VIII.- ENTREGA DE PREMIOS

Finalizado o concurso entregarase un diploma a cada un dos/das gañadores/as , ingresándose o premio en metálico na conta bancaria sinalada no momento de realizar a inscrición.

DISPOSICIÓN FINAL

A participación no concurso supón o coñecemento do contido das presentes bases e a súa aceptación expresa, sen reserva algunha.

Ordes, 3 de febreiro de 2017



El Alcalde-Presidente

Jose Luis Martínez Sanjurjo